

Visto que con data de 14 de febreiro de 2.011, por parte do órgano de contratación procedeu a dar apertura aos sobres A, de documentación administrativa, B de referencias técnicas e C de oferta económica correspondentes ao procedemento negociado sen publicidade das obras de “REPARACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS NOS LUGARES DE O CARBALLAL, ENFESTA, FRINLE, ESTO, PICÓN, AS REVOLTAS, PEDRACUCA, PENEDO E BORNEIRO”.

Visto que das tres empresas invitadas a participar no citado procedemento: Excavaciones Pose S.L, Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos S.L e Heranosca S.L, so se presentou Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos S.L.

Visto igualmente que con data de 14 de febreiro de 2.011, por parte do Arquitecto Municipal e redactor do proxecto, emitiuse informe de valoración das propostas facendo constar que se pode propoñer a adxudicación do procedemento negociado para a adxudicación da obra referida á empresa que obtivo unha maior puntuación Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos S.L, ao considerar a súa oferta a máis ventaxosa para os intereses municipais, por tratarse dunha empresa especializada neste tipo de obras que precisan de aglomerados asfálticos para a súa execución, por dispoñer de medios materiais e humanos idoneos para a correcta execución das obras e habendo executado obras de similares características de forma satisfactoria para este Concello.

Visto igualmente o previsto na cláusula 16 dos pregos de cláusulas administrativas que rexe a presente contratación, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Propoñer a adxudicación do contrato denominado: “REPARACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS NOS LUGARES DE O CARBALLAL, ENFESTA, FRINLE, ESTO, PICÓN, AS REVOLTAS, PEDRACUCA, PENEDO E BORNEIRO” á oferta presentada por CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS S.L con C.I.F nº B-15.361.934 e domicilio social na rúa Barcelona, 25-27, 2º-A, 15100, de Carballo (A Coruña), polo importe de: 80.805,05 Euros e 14.544,91 Euros de IVE (Total: **95.349,96 euros**)

e de acordo coas seguintes consideracións:

- Prazo de execución da obra 120 días naturais.
- Prazo de garantía 1 ano a contar a partir da recepción das obras.
- Porcentaxe destinado a control interno de calidade 4 % do orzamento.
- As restantes condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e no proxecto redactado polo Arquitecto D. Enrique Vilar Gantes.

SEGUNDO: Requirir á empresa adxudicataria para que no prazo máximo de 10 días hábiles a partir da recepción da presente resolución, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e de seguridade social, no caso de no ter sido xa presentadas, no Concello de Cabana de Bergantiños e xustifique a constitución en favor da entidade dunha garantía definitiva á que se refire o artigo 83 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, LCSP, polo importe equivalente ao 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE. (4.040,25 euros).

TERCEIRO: Nomear Técnico-Director das obras e Coordinador de Seguridade e Saúde das mesmas ó Arquitecto, Don Enrique Vilar Gantes, quen deberá efectua-lo correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comenzo das obras, documento que deberá exhibi-lo facultativo ó contratista. (O contido do aviso previo é o indicado no Anexo III do Real Decreto 1627/1997). Asi mesmo, deberá informa-lo Plan de Seguridade e Saúde presentado polo contratista, que se elevará xunto co seu informe ó órgano de contratación para a súa aprobación.

CUARTO: Proceder a notificar a presente resolución a tódolos contratistas, así como proceder á publicación de extracto da mesma no perfil do contratante do Concello de Cabana de Bergantiños (www.concello-cabana.com).